



ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA

**PREGO DE BASES POLAS QUE SE REXERÁ A CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A
CREACIÓN DUNHA LISTA DE ESPERA PARA O OUTORGAMENTO DE AUTORIZACIÓNS
DE ATRAQUE PARA EMBARCACIÓNS DE 7ª LISTA NOS PORTOS DE ARCADE E BUEU.**

ANEXO I

PREGO DE CONDICIÓNS DAS AUTORIZACIÓNS



Destinatario:
«TITULAR»
«ENDEREZO»
«CÓDIGO»- «CONCELLO»
«PROVINCIA»

**ASUNTO: AUTORIZACIÓN DE ATRAQUE NO PANTALÁN XXX DO PORTO DE XXX
PARA EMBARCACIÓNS MENORES DE CARÁCTER DEPORTIVO**

EMBARCACIÓN: «EMBARCACIÓN»
FOLIO: «FOLIO»
ESLORA MÁXIMA OU TOTAL: «ESL»
MANGA: «MAN»
PERÍODO DE ATRAQUE: **Ata o 31 de decembro 2008**
LUGAR DESTINADO: Amarre nº «PRAZ»

Vista a solicitude subscrita polo interesado para atracar nun pantalán das instalacións náutico deportivas do porto de **XXX** a embarcación da súa propiedade, esta Xefatura de Zona acorda:

AUTORIZAR o atraque da embarcación mencionada, no lugar e prazo indicados no asunto. Esta autorización concédese segundo o disposto na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de "Taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia" e nas condicións que se indican a continuación.

CONDICIÓNS XERÁIS

1. Outórgase polo período comprendido entre o __ de _____ de 200_ e o 31 de decembro de 2008.
2. Para darse de baixa antes de que remate o prazo autorizado só debe rexistrar a solicitude correspondente. Nembargantes, ó aceptar esta autorización xa está obrigado a aboar o primeiro semestre, e para non ter que aboar os seguintes semestres enteiros é condición necesaria darse de baixa antes do comezo do mesmo. Solicitar a baixa dentro dun semestre conleva o aboamento do semestre enteiro.
3. Se desexa cambiar de embarcación para a mesma praza de atraque, debe de cumprir os requisitos seguintes:
 - 1) A nova embarcación non pode exceder as dimensións da praza que ocupa.
 - 2) A presentación da documentación da nova embarcación; no caso de non estar aínda a folia de asento ó seu nome, abonda unha copia do contrato de compravenda selada pola correspondente Capitanía Marítima conforme se está en trámites de cambio de titularidade.
 - 3) Copia do certificado que acredite ter aboado o seguro da nova embarcación.
4. Esta autorización outorgarase con carácter persoal e intransferible, e o seu uso non poderá ser cedido a terceiros. A utilización do atraque con embarcacións distintas á autorizada será causa de caducidade da presente autorización.
5. O titular deberá aboa-la tarifa portuaria vixente en cada momento de aplicación ás embarcacións deportivas e de recreo, segundo aplicación das regras da tarifa X-5 do Apartado 99 do Anexo 3 da Lei 6/2003 antes mencionada, así como as modificacións impostas a esta Lei polas Leis de Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2007 e 2008.
6. O titular da embarcación deberá domicilia-lo abono das liquidacións que se facturen polo concepto da tarifa X-5 nunha entidade bancaria. A facturación realizarase por semestres adiantados. O importe da tarifa será independente das entradas, saídas ou días de ausencia da embarcación, sempre que manteña asignado o posto de atraque.
7. Ás embarcacións con plazas de atraque cun calado inferior a 1 metro aplicaráselles unha redución do 50% sobre a tarifa anterior. Se o calado se atopa entre 1 e 2 metros, esta redución será do 25%. En ámbolos casos terán que se dar as seguintes circunstancias:
 - Que a eslora da embarcación sexa inferior a 6 metros.
 - Que a potencia do motor sexa inferior a 25HP.

Estas reducións serán aplicadas previa petición escrita por parte do interesado e mediante a aportación dos datos necesarios para elo, que serán verificados polo persoal do PORTOS DE GALICIA.



8. Se por necesidades do servizo fora preciso deixar libre o pantalán, deberá desatracar a embarcación no prazo que se lle indique. O atraso en cumprir calquera orde das autoridades competentes, relativa a atraques, desatracos, amarres ou saída do porto dará lugar á aplicación das sancións regulamentarias, así como á anulación inmediata da presente autorización de atraque.
9. Se existise fornecemento de auga ou electricidade a través de tomas, o titular deberá aboar a tarifa portuaria vixente.
10. Os propietarios ou usuarios das embarcacións serán os responsables dos danos ou avarías que se ocasionen nas instalacións portuarias, elementos de fornecemento, na súa propia embarcación ou de terceiros, coma consecuencia de usos indebidos das instalacións, anomalías nas embarcacións ou malas manobras destas.
11. En caso de que se detecte a falsidade dalgún dos datos da embarcación que o interesado facilitara a PORTOS DE GALICIA para a solicitude da autorización de atraque, especialmente no que se refire a medidas da embarcación e potencia do motor, procederase á inmediata anulación da presente autorización de atraque, sen prexuízo da apertura do correspondente expediente sancionador.
12. PORTOS DE GALICIA resérvase o dereito a acceder ás embarcacións para proceder á súa medición no caso en que sospeite da veracidade dos datos aportados referentes ás medidas da embarcación, potencia do motor ou calquera outro.
13. O titular queda obrigado a conservar as instalacións onde dispón da autorización de atraque en perfecto estado de utilización, limpeza, hixiene e ornato. O incumprimento desta condición implicará a anulación inmediata da presente autorización de atraque.
14. Finalizado o prazo sinalado na condición primeira, esta autorización quedará extinguida. Se desexa obter autorización de atraque para o seguinte periodo, o interesado deberá presentar nas dependencias de PORTOS DE GALICIA a seguinte documentación antes de rematar o ano 2008:
 - Solicitude de renovación.
 - Copia da folla de asento actualizada.
 - Copia do recibo de aboamento do seguro.

No caso de non presentar a documentación anterior no prazo sinalado, PORTOS DE GALICIA outorgaralle a praza de atraque ó seguinte solicitante da lista de espera.

CONDICIÓN PARTICULARES

1. A tarifa aplicable indicada na condición sexta será de **0,_____ euros/m² e día** (IVE non engadido), estando xa aplicada a redución establecida para embarcacións con base no porto. En tempada baixa (dende o 1 de novembro ó 30 de abril) aplicarase o 75% do valor anterior.

En Pontevedra, a de de 200_

O XEFE DA ZONA SUR DE PORTOS DE GALICIA

Asdo: Mateo Ruibal Fernández